

NOTA DE PRENSA

III DÍA GALEGO DO EMPRENDEDOR

O científico catalán Joaquim Trias, que ten creado varias empresas no Silicon Valley, explicará aos emprendedores galegos como conseguir cartos para proxectos innovadores

Na xornada daranse as claves para saber se unha idea é rendible e para montar unha empresa con 10.000 euros

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2008 (Vía Láctea Comunicación).- A terceira edición do Día Galego do Emprendedor celébrase este xoves, 15 de maio, no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela. A iniciativa, promovida polo **Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)** e **BIC Galicia**, organismos pertencentes á Consellería de Economía e Facenda, forma parte da campaña nacional “Emprendemos Juntos” do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Os interesados en asistir ao encontro aínda se poden inscribir a través da páxina web www.diaemprendedor.com.

O III Día Galego do Emprendedor desenvolverase baixo o lema “A túa idea, a túa empresa”, co que se pretende transmitir que unha idea pode desencadear nun proxecto empresarial viable. Reunirá a empresarios, emprendedores, técnicos de desenvolvemento local, estudantes e profesores de Formación Profesional e Ensino Secundario, e tamén a universitarios procedentes de toda Galicia.

O Silicon Valley mostrarase como exemplo na posta en marcha de proxectos innovadores

Un dos itinerarios que se van celebrar no marco desta xornada é o relativo ás claves para emprender. Nesta liña, abordarase como conseguir diñeiro para proxectos innovadores, para o que se contará coa presenza do catalán **Joaquim Trias Puig-Sureda**, doutor en Bioloxía que traballou como investigador no Instituto Pasteur en París e na actualidade centra o seu labor científico no sector da Biotecnoloxía no Silicon Valley, onde ten participado na fundación de cinco empresas biotecnolóxicas.

O experto explicará, entre outros aspectos, como preparar un proxecto de innovación que sexa atractivo para investidores de capital risco, como crear un equipo, que se debe incluír nun plan de negocio ou como se avalían os proxectos de I+D. Partirá da súa experiencia no Silicon Valley, un referente mundial no campo da investigación e o desenvolvemento, caracterizado pola proliferación de industrias de alta tecnoloxía que teñen o seu xerme na universidade.

Os dez principais erros financeiros

O economista e experto en creación de empresas **Xavier Soldevila Moliner** centrarase nos dez principais erros financeiros que adoitan cometer os emprendedores. Segundo a súa visión, “lo habitual es que las personas emprendedoras inicien su andadura empresarial con buenos conocimientos técnicos de su actividad pero, sin embargo, no disponen de suficientes conocimientos financieros”. Nesta liña, o especialista asegura que “la experiencia demuestra que se reproducen los mismos errores en una gran parte de los proyectos empresariales que comienzan”, polo que na súa intervención tratará de presentar e dar resposta aos erros máis comúns neste ámbito. Ademais, fará fincapé nos factores que determinan a rendibilidade dunha idea.

Por outro lado, **Soldevila** achegarase a como valoran os bancos ao emprendedor, posto que a maioría dos proxectos precisan de financiamento externo para iniciar a actividade. Polo tanto, os novos empresarios deben coñecer que tipo de datos analizan as entidades financeiras á hora de conceder un préstamo ou como se debe ordenar a información para presentala aos bancos, entre outras cuestións que se tratarán de clarexar no marco do Día Galego do Emprendedor.

Emprender en tempos de crise

O economista e especialista na creación e asesoramento a empresas **Guillem Perdrix**, abordará unha serie de estratexias destinadas a empresas en declive ou que queiran operar tanto en sectores en crise como en períodos de crise económica en xeral. Tamén explicará como poñer en marcha un proxecto con tan só 10.000 euros, xa que considera que boa parte das empresas de nova creación non precisan moito investimento.

Ademais, durante a xornada abordarase o financiamento dos proxectos empresariais. Por un lado, analizarase a situación actual do mercado financeiro para a posta en marcha de novos proxectos, en particular na comunidade galega. Por outro lado, trataranse os distintos tipos de produtos financeiros que existen a disposición dos emprendedores, entre eles os achegados polos organismos dependentes da Consellería de Economía e Facenda: as subvencións do Igape aos investimentos, o capital risco ofertado por Xesgalicia, os préstamos avalados ou subsidiados polo instituto, ou os servizos e ferramentas de BIC Galicia.

As dificultades dos primeiros anos

Diversos expertos neste eido mostrarán como mellorar as competencias de venda, ao tempo que indicarán as características que debe posuír un emprendedor. Tamén se porá de manifesto que os primeiros anos dunha aventura empresarial son moi duros e os niveis de fracaso seguen a ser moi elevados. Nesta liña, farase referencia a cales son as causas máis habituais de peche durante as etapas iniciais, así como os retos que cómpre superar de xeito inevitable cando se pon en marcha unha iniciativa empresarial.